

Resolución Reitoral de 21 de xaneiro de 2021 pola que se convocan axudas covid-19 para alumnado da Universidade de Vigo afectado pola declaración do estado de alarma

O alumnado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. As medidas de confinamento da poboación e as restricións a actividade económica que se derivan do estado de alarma teñen un impacto directo moi grave sobre a renda das familias, situación que pode afectar negativamente ao rendemento académico do alumnado afectado, polo que concorren razóns de interese público que aconsellan a adopción de medidas extraordinarias en materia de axudas ao alumnado máis vulnerable.

Ao efecto de contribuír a paliar os efectos negativos sinalados, adóptanse medidas dirixidas a que o alumnado da Universidade de Vigo manteña a súa actividade académica a pesar das importantes perdas de renda sufridas por eles mesmos e as súas familias.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de Universidades* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, Axudas covid-19 para alumnado afectado pola declaración do estado de alarma, que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal de bolsas](#) da Universidade.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 21 de xaneiro de 2021

O reitor

Por delegación RR 16/05/2020 (DOG 24/06/2020)

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria
(Asinado electrónicamente por Natalia Caparrini Marín)

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s21N0000004

CSV

GEISER-3849-832b-968f-4ef8-92bc-1a9e-5086-bc84

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

21/01/2021 12:54:40 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-3849-832b-968f-4ef8-92bc-1a9e-5086-bc84

ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS COVID-19 PARA O ALUMNADO MATRICULADO NO CURSO 2020/2021 AFECTADO POLA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA**1. OBXECTO**

O obxecto das axudas é atender as necesidades do alumnado matriculado na Universidade de Vigo en estudos universitarios oficiais de Grao, Máster e Doutoramento, afectado pola consecuencias económicas da declaración do estado de alarma que lle impida ou dificulte a continuidade dos seus estudos.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLITANTES

Pode solicitar axuda o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

Estar **matriculado/a** en titulacións de Grao, Máster e Doutoramento de **centros propios** da Universidade de Vigo no curso 2020/2021 e

a) **Atoparse desde o 1 de setembro de 2020 algún membro da unidade familiar nalgunha das seguintes situacións :**

- Estar en situación de desemprego ou de Expediente Temporal de Regulación de Emprego (ERTE) como consecuencia directa do COVID-19.
- Ser traballador/a por conta allea e ter reducido a xornada laboral por coidados como consecuencia directa do COVID-19.
- Ser traballador/a por conta propia e ter concedida a prestación extraordinaria por cese de actividade.
- Ser traballador/a do fogar e ter concedido o subsidio extraordinario por falta de actividade.

A estes efectos considérase a unidade familiar composta polo pai e a nai (ou titores legais), a persoa solicitante, e os/as irmáns/ás solteiros/as menores de 25 anos.

No caso de separación legal ou divorcio dos proxenitores cando a custodia non sexa compartida non se considera membro da familia aquel que non conviva co/a solicitante, pero si o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación.

Tamén serán considerados membros, os/as irmáns/ás con discapacidade de maior idade e os/as ascendentes que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio co certificado municipal conxunto correspondente a 31 de decembro de 2020; no caso de non acreditar a convivencia non serán tidos en conta.

b) ou **ter que reintegrar a bolsa** do Ministerio de Educación e Formación **Profesional do curso 2019/2020 por baixo rendemento académico** debido a causas derivadas da pandemia (enfermidade da persoa solicitante ou dalgún outro membro da unidade familiar).

Poderá obterse a condición de beneficiario destas axudas aínda que non se cumpran os requisitos establecidos no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións*, conforme o disposto no artigo 4.5 do *Real Decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas*.



3. INCOMPATIBILIDADES

Esta axuda é incompatible con calquera outra axuda concedida para a mesma finalidade, polo que **so** é compatible coa bolsa de carácter xeral MEFP no que respecta as materias cuxos prezos públicos non son obxecto de bolsa xeral (segundas e posteriores matrículas).

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a esta axuda irán con cargo á aplicación orzamentaria 2021 0000 121D 482.99 e o importe do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a un máximo de 90.000,00 €, para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A contía máxima da bolsa será o importe dos prezos públicos por servizos académicos dos créditos matriculados, unha vez realizadas as exencións e bonificacións do pagamento dos prezos ás que teña dereito a persoa beneficiaria.

3. O pagamento da bolsa efectuarase no prazo de un mes desde a resolución de adxudicación mediante transferencia á conta bancaria indicada polo/a alumno/a na súa solicitude e da que deberá ser titular ou cotitular. Así mesmo poderá realizarse o abono da axuda mediante o procedemento de pago en formalización para aqueles estudantes que teñan importes de matrícula pendentes de aboar.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. A solicitude realizarase a través do **formulario online** no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/6869, **descargalo e presentalo na sede electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da Instancia Xenérica (SXER) existente na sede, e pór como **asunto** “axudas COVID”, achegando unicamente o arquivo coa solicitude.

Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que os/as solicitantes deberán observar en todo momento https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_rexistro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf. NO caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal.

Non se admitirán a trámite aquelas solicitudes que se presenten por outras vías. O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para os interesados/as neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, solicitarase que a presente electrónicamente. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizou a emenda, de acordo ao artigo 68.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.



2. O prazo de presentación das solicitudes será desde o día seguinte á publicarse esta convocatoria ata o **19 de febreiro de 2021** ás 23:59 horas (hora peninsular española). A presentación fóra de prazo supoñerá a non admisión a trámite da solicitude.

3. Así mesmo deberá subir a seguinte documentación ao formulario en liña (non hai que subir a documentación á sede electrónica) :

- Se a situación descrita no punto 2 afecta a irmán/irmá do solicitante maior de 25 anos con discapacidade, e ascendentes ou proxenitores separados legalmente que conviven coa persoa solicitante: Certificado de empadramento conxunto relativo ás persoas empadroadas na vivenda no momento da presentación da solicitude e nos 6 meses anteriores.
- ERTE: certificado expedido pola entidade xestora da prestación, na que figure a contía mensual percibida en concepto de prestacións ou subsidios de desemprego.
- Redución xornada laboral: copia do contrato de traballo ou anexo no que figure tal circunstancia e a nómina que conteña o concepto de redución correspondente ao primeiro trimestre do ano e ao mes en que se teña producido a diminución nos ingresos.
- Traballadores por conta propia: certificado expedido pola entidade xestora da prestación na que figure a contía mensual percibida.
- Traballador/a do fogar: certificado expedido pola entidade xestora da prestación na que figure a contía mensual percibida.
- No caso de atoparse na situación descrita no punto 2.b) debe presentar documentación xustificativa da enfermidade.

Tamén se lle poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para avaliar correctamente os requisitos.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros e a falta de documentación. Para tal fin, presentarán o **formulario de alegacións** na secretaría virtual dirixido á Sección de Axudas e Bolsas.

Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de avaliación. As solicitudes serán ordenadas por nota media do expediente no caso de continuación de estudos ou da nota de acceso no caso de inicio de estudos.

A comisión de avaliación está composta por:

Presidenta: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria

Secretaria: María Guadalupe Fernández Romero, xefa da Sección de Axudas e Bolsas

Vogais:

María Isabel Doval Ruiz, vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación

Miguel Ángel Nombela Castaño, profesor da Facultade de Ciencias do Mar



Uxío Pérez Rodríguez, profesor da Fac. de Ciencias da Educación e do Deporte
Óscar Rubiños López, profesor da Escola de Enx. de Telecomunicación
Ana María Torrado Agrasar, profesora da Facultade de Ciencias
Jessica Alejandra Carmona Ramírez, alumna da Facultade de Química
Luis Saúl Cid Vera, alumno da Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social
Aroa Vázquez Alonso, alumna da Facultade de Filoloxía e Tradución
Rosa Graña Costas, xefa do Servizo de Axudas, Bolsas e Prezos Públicos

Unha vez efectuada a selección pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida e denegada**, con mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existir renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación, presentando o **formulario de alegacións** na secretaría virtual dirixido á Sección de Axudas e Bolsas.

Unha vez revisadas as alegacións pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas elevará á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria a proposta, quen adxudicará as axudas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de **3** meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas beneficiarias das axudas e a súa contía, a listaxe de solicitudes denegadas e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, surtindo os efectos da notificación de conformidade co artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias serán realizadas ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.



8. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse no prazo de 5 días hábiles desde a resolución de concesión mediante escrito presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas. As renuncias aceptadas darán lugar á concesión da bolsa á seguinte persoa da lista de agarda.

9. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

- Estar matriculada na Universidade de Vigo durante todo o curso académico 2020/2021 para poder manter a súa condición de bolseira.
- Declarar todas as bolsas concedidas da mesma natureza e finalidade no curso 2020/2021.

Ademais debe de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións*, que lles sexan de aplicación.

10. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas axudas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

11. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf)

